



IV edición do Premio de Literatura Infantil

SIMBAD PARA O RECORDO E O ALZHEÍMER

Ano 2026

AGADEA ALZHEÍMER **CONVOCA** o **V Premio de Literatura Infantil Simbad para o Recordo e o Alzhéimer** e faino coa vontade de concienciar a sociedade sobre a enfermidade do Alzhéimer e outras doenzas que comparten a deterioración cognitiva e a perda da memoria e da identidade, ao tempo que quere facer reflexionar sobre a invisibilización e a estigmación deste colectivo, así como salienta a entrega, o desgaste e a importancia da figura do coidador/a, a necesidade de xerar vínculos de afecto e empatía co resto da sociedade e, sobre todo, no que nos ocupa neste premio, a necesidade de establecer unha relación entre a mocidade e as persoas maiores, pois está constatado que o apego e o coidado favorecen a mellora da saúde dos doentes.

Así, dende AGADEA ALZHEÍMER queremos contribuír á creación de textos literarios con esta temática porque cremos que, a través da palabra literaria como ferramenta que cura, podemos forxar a necesaria implicación de todos os elementos da sociedade, que desenvolva o apoio e a necesidade da investigación científica e concie e implique nesta realidade o mundo dos máis pequenos.

Xa que logo, con esta finalidade nace o premio en lingua galega **SIMBAD PARA O RECORDO E O ALZHEÍMER, que conta** coa axuda da Secretaría Xeral da Lingua da Xunta de Galicia, e das concellerías de Servizos Sociais e Educación respectivas dos concellos de Santiago de Compostela, A Estrada, Ribeira, Boiro, Cuntis, Padrón, Porto do Son, Rianxo, Teo, Trazo, Vedra e Val do Dubra, concellos onde temos actualmente centros abertos.

O premio está rexido polas seguintes bases:

1. O premio, de carácter anual, abre o prazo para o envío dos orixinais o día 5 de febreiro de 2026, día a partir do cal se poderán enviar os orixinais e pecha o prazo de entrega dos ditos orixinais o día 1 de xullo de 2026. Será ao longo do mes de setembro co gallo do Mes do Alzhéimer cando se realice o fallo do xurado.
2. O núcleo temático da obra xirará arredor da vellez, entendida esta como unha etapa da vida de fragilidade, de dependencia ou de soidade, a vellez como **última fase do ciclo vital do ser humano**, que se caracteriza pola deterioración gradual das funcións do organismo e polos cambios a nivel físico, cognitivo, emocional e social. Outra das temáticas posibles da obra será a concepción da vellez nas diferentes culturas do mundo, xa que ser ancián ou anciá non recibiu a mesma consideración nin ao longo da historia, nin nas diferentes sociedades. Tamén hai diferenzas de xénero, pois non é o mesmo a vellez para o home que para a muller, dado que a anciá, fronte ao ancián (que se asocia á sabedoría e ao prestixio social) foi moitas veces excluída ou relegada ao ámbito doméstico e familiar e tampouco se lle deu a mesma valoración social e estética ao envellecemento dun (atractivo) ao doutra (vella). A importancia da vida saudable e os coidados preventivos de cara a atrasar a aparición das enfermidades e a unha mellor calidade de vida. Valorarase a presenza na obra de reflexións sobre as enfermidades de



- deterioración cognitiva, como o Alzhéimer e outras, así como todos os elementos que xiran arredor delas, a invisibilización e a estigmatización deste colectivo, a importancia da figura do cuidador/a e a constatación da súa renuncia, da súa impotencia fronte á enfermidade e do seu cansazo e desgaste emocional e físico, da necesidade de xerar afecto e empatía da sociedade, a necesidade da relación interxeracional, en especial, entre os nenos e nenas e os avós e avoas, e a necesaria implicación de todos os elementos da sociedade así como o apoio da investigación científica, aínda que tamén terá cabida tamén calquera outro punto relacionado coa vellez como etapa final da vida.
3. Os orixinais deberán vir redactados en galego, na normativa oficial actual para a lingua galega aprobada pola Real Academia Galega.
 4. Excluíranse do premio obras traducidas de autores e autoras que non demostren competencia lingüística no idioma galego.
 5. Poderán presentarse ao premio autores/as que teñan cumpridos os dezaioito anos, de calquera nacionalidade cuxa obra estea escrita en galego por eles.
 6. Os textos deberán ser orixinais, estaren inéditos e poderán pertencer a calquera dos seguintes xéneros propios da literatura infantil: novela, poesía, teatro, álbum ilustrado e novela gráfica, sempre respectando o código de literatura infantil e coas claves de seu que esta literatura comporta.
 7. Establécese un único premio dotado con 3.000 €. O premio poderá quedar deserto, ser concedido con carácter *ex-aequo*; neste caso, o seu importe repartirase proporcionalmente entre as dúas persoas que resulten premiadas. Tamén se considera a posibilidade de nomear accésits, que non terán contía económica, pero para os cales o xurado recomendará a edición.
 8. A obra será publicada pola editorial Hércules de Ediciones. Dende a asociación AGADEA ALZHÉIMER apoiaremos a edición da obra premiada coa compra de 100 exemplares, que serán repartidos entre os socios e socias dos nosos distintos centros e institucións cooperadoras. Tamén lle entregaremos á persoa gañadora vinte exemplares da obra editada para a súa difusión.
 9. O xurado estará formado por catro membros de recoñecido prestixio do mundo da literatura infantil e xuvenil, así como por Francisco Castro, presidente *ad honorem* do premio **SIMBAD PARA O RECORDO E O ALZHÉIMER** en agradecemento á súa obra referencial e pioneira no mundo do Alzhéimer en Galicia, *Chamádeme Simbad*.
 10. As obras presentaranse, preferentemente, en soporte dixital USB/CD, e noutro sobre a plica na que figuren os datos persoais e un teléfono de contacto, así como a declaración de orixinalidade e non edición nin difusión pública. O sobre que contén a plica e mais o USB será enviado á nosa sede de Agadea Santiago: rúa de Salgueiriños de Abaixo, nº 15. 15703. Santiago de Compostela (A Coruña), indicando no exterior **V Premio Simbad para o Recordo e o Alzhéimer**. Tamén poden enviarse en formato papel coa presentación de 5 exemplares perfectamente grampados, cosidos ou encanutillados, acompañados dun sobre que conteña a plica cos datos anteriormente mencionados.



11. Non poderá presentarse ao premio ningún dos gañadores e gañadoras das tres edicións anteriores.
12. Non se devolven os orixinais, nin se mantén correspondencia cos participantes.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2025